

A Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 9 de febreiro de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único: Proposicións non de lei

- 1.1 602 (10/PNC-000033)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co Real decreto 954/2015, do 23 de outubro, así como a actuación que debe levar a cabo para a aprobación dunha norma que regule a indicación, o uso e a autorización da dispensación de medicamentos polos profesionais de enfermaría
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 10, do 09.11.2016
- 1.2 1714 (10/PNC-000179)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central co fin de diminuír o número de accidentes laborais e de enfermidades profesionais en Galicia, así como de mellorar a detección das novas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 26, do 07.12.2016
- 1.3 3231 (10/PNC-000318)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa convocatoria dun proceso selectivo para a cobertura de postos de traballo na fundación pública Centro de Transfusións de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 48, do 19.01.2017
- 1.4 3493 (10/PNC-000339)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para resolver as deficiencias que presenta o transporte sanitario urxente do 061 en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 53, do 26.01.2017

- 1.5 4037 (10/PNC-000376)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a modificación da normativa para a redución de xornada para o
coidado de fillas e fillos con enfermidades graves
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 57, do 01.02.2017

- 1.6 4126 (10/PNC-000386)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a mediación da Xunta de Galicia na negociación do convenio
colectivo da sanidade privada en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 57, do 01.02.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2017

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez
Presidenta da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 06/02/2017 13:43:51